

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, E OS CONCELLOS DE MELIDE E PALAS DE REI PARA O MANTEMENTO DUNHA BRIGADA DE EMERXENCIAS (PROTECCIÓN CIVIL)

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2019

REUNIDOS

Dunha banda, Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Pola outra parte, José Manuel Pérez Penas, alcalde do Concello de Melide, e Pablo José Taboada Camoira, alcalde do Concello de Palas de Rei, actuando en virtude das facultades representativas que lles atribúen os artigos 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que detentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto

EXPOÑEN

Primeiro. A Constitución Española sinala no seu artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Seguindo este mandato constitucional, cómpre impulsar políticas públicas de cooperación interadministrativa en especial no mantemento dos servizos públicos de carácter local que teñen un impacto directo na calidade de vida das persoas.

Segundo. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante LALGA), recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

Asemade, o actual contexto de austeridade e control do gasto público no que se desenvolve a actuación do conxunto das administracións obriga a activar medidas tendentes á xestión eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de garantir a prestación de servizos á cidadanía en condicións de calidade e igualdade.

Terceiro. Entre as competencias que lle corresponden á Xunta de Galicia en materia de relacións coas entidades locais galegas, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da LALGA, figuran as de cooperación e colaboración, que poderán materializarse, entre outras posibilidades, a través da subscripción de convenios.

Neste mesmo senso, o artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios de colaboración con suxeitos de dereito público e privado, sen que isto poida supor cesión da titularidade da competencia.

Cuarto. O Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, configura esta como o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do goberno en materia de administración local, atribuíndolle, entre outras, as competencias en materia de asistencia á Administración local.



Á súa vez, o artigo 22 do antedito decreto determina que a Dirección Xeral de Administración Local é o órgano encargado da xestión das competencias atribuídas á Xunta de Galicia en materia de Administración local e a este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

Quinto. Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 80 e 81 da LALGA, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre os que se atopan a protección do ambiente.

Pola súa banda, a Comunidade Autónoma de Galicia ten como obxectivo o desenvolvemento equilibrado do territorio galego, do medio rural e do urbano, do interior e da faixa costeira, que permita o progreso económico da totalidade do territorio e que a cidadanía galega teña unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia, potenciando e apoiando a prestación de servizos por parte dos nosos concellos que son a Administración máis próxima aos administrados.

O obxectivo común é conseguir ou mellorar o funcionamento dos servizos e das infraestruturas municipais, de forma que os concellos poidan prestar servizos de calidade á veciñanza con independencia do seu lugar de residencia, coa finalidade de garantir a calidade ambiental, a prevención e mitigación de efectos adversos sobre o ambiente ou a atención ás emerxencias.

Sexto. O artigo 25.5 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental dispón que a distribución anual do Fondo regularase mediante orde ditada pola consellería competente en materia de réxime local, na que tamén se establecerán os criterios de repartición, os entes locais beneficiarios e as actuacións ás que se destinará a parte do fondo que non estiver destinada ás entidades cuxo termo municipal se atope dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico ou resulten afectadas polas correspondentes instalacións de conexión.

Para tal fin, mediante a Orde do 17 de decembro de 2018 reguláronse os criterios de repartición do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2019 e as actuacións ás que se destina, aplicándose parte do Fondo a actuacións específicas de protección do ambiente, é dicir, aquelas que teñen por obxecto a conservación da biodiversidade, o coñecemento e utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais e máis a recuperación do medio natural degradado ou contaminado, incluídas aquelas que teñen por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou de risco (artigo 2.1.c).

Desde o punto de vista orzamentario, no proxecto 2013 00770 existe un saldo de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na colaboración coas entidades locais de Galicia apoiando aquelas actuacións de creación e/ou mellora de infraestruturas e equipamentos para a prestación de servizos municipais que teñan como finalidade a realización de actuacións específicas de protección do ambiente, incluídas aquelas que teñen por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou de risco.

Sétimo. Os concellos de Melide e Palas de Rei manifestaron a necesidade extraordinaria de asistencia por parte da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para manter unha brigada de emerxencias que atenda e responda ás singularidades e necesidades de ambos concellos.

Os concellos de Melide e Palas de Rei atópanse situados no mesmo centro da xeografía galega. Ambos os concellos son de carácter eminentemente rural e contan, en conxunto, cunha poboación superior aos 11.000 habitantes. Esta poboación chega a triplicarse no período estival e en datas sinaladas, por diversas razóns:

- En primeiro lugar, porque ambos os concellos son lugar de segunda residencia.
- En segundo lugar, milleiros de peregrinos pasan diariamente polas rutas do Camiño de Santiago que discorren a través dos dous concellos, o Camiño Francés e o Primitivo.

- En terceiro lugar, tanto Palas de Rei, que conta coa distinción de concello de interese turístico, como Melide supoñen un importante lugar de destino polos seus recursos turísticos.

En definitiva, aínda que resulte difícil de cuantificar de xeito exacto, existe unha elevada poboación que resultaría potencial beneficiaria do servizo.

Este dato poboacional é o principal motivo que xustifica a necesidade de contar cunha brigada propia de emerxencias, boa coñecedora do territorio de ambos os concellos que poida intervir de contado diante dunha eventual situación de sinistro ou risco. A este factor engádense trazos como a gran dispersión da poboación e o feito de se tratar dunha zona de grande sinistralidade, ao contar con moitas pistas rurais sobre as que inciden características climáticas e orográficas que dan lugar a invernos moi duros, con frecuentes xeadas, e veráns que rexistran altas temperaturas elevando o risco de incendios sobre a gran masa forestal.

Unha das particularidades máis importantes para considerar é o feito de Melide ser unha vila de referencia no lecer nocturno da mocidade, atraendo numerosa xente nova de todos os concellos de Galicia, especialmente dos límites. Non é preciso afondar nesta circunstancia para atopar as causas dun elevado número de intervencións de emerxencias que se poden prestar dun xeito máis efectivo de contar cunha brigada con sede en Palas de Rei ou Melide.

Tamén debe terse en consideración que Melide é cruce de camiños de intenso tráfico principalmente a estrada autonómica que une Betanzos e Agolada e a que vai de Santiago de Compostela a Lugo, coas inevitables consecuencias asociadas á sinistralidade.

En definitiva, un conxunto de circunstancias e singularidades que fan de máxima necesidade e urxencia para ambos os concellos poder contar cunha brigada de emerxencias, polo que se está traballando para crear un Grupo Municipal de Intervención Rápida (Grumir) de carácter estable, que dea servizo a ambos os concellos. Mentres isto non se concreta, precísase da colaboración da Xunta de Galicia para cofinanciar os gastos desta brigada.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa o fomento de todas aquelas actuacións imprescindibles e necesarias para o normal funcionamento da entidade local e que permitan potenciar e apoiar a prestación de servizos de calidade por parte dos nosos concellos, como Administración máis próxima aos administrados; asemade correspóndese con actuacións financiadas de conformidade cos criterios de repartición do Fondo de Compensación Ambiental.

Este contexto local insírese nun marco orzamentario de austeridade e control do gasto público e, asemade, necesariamente estable que afectou todas as administracións públicas, sen que a administración local sexa unha excepción neste sentido. Deste marco deriva, entre outras consecuencias, as dificultades dos concellos de Melide e Palas de Rei para afrontar en solitario o compromiso económico derivado da contratación dunha brigada de emerxencias, que constitúe o obxecto desta subvención.

A conxuntura descrita, a necesidade extraordinaria de asistencia manifestada polos concellos e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na eliminación das carencias no servizo municipal sobre o que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, unido ao cumprimento dos obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor dos concellos de Melide e Palas de Rei.

Oitavo. Conforme co establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que o obxecto do convenio é atender as circunstancias específicas dos concellos de Melide e Palas de Rei, no que se fai preciso que estes concellos contén cunha brigada de emerxencias (protección civil), como parte necesaria para o desenvolvemento das funcións que teñen encomendadas, de forma que se preste un mellor servizo á veciñanza, e asemade contribuír á conservación, reposición e restauración do ambiente.



Noveno. Os concellos de Melide e Palas de Rei cumpren cos requisitos para obter a condición de beneficiarios da subvención de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, acreditaron o cumprimento do deber de remisión da conta xeral do exercicio 2017 ao Consello de Contas de Galicia.

Décimo. O 16 de maio de 2019 os concellos de Melide e Palas de Rei asinaron un convenio de colaboración para a xestión compartida dunha brigada de protección e mantemento de espazos naturais, delimitando os dereitos e obrigas das partes asinantes. Neste convenio se designa ao Concello de Melide como representante da asociación de concellos e que asume, como tal, os compromisos recollidos no devandito convenio, principalmente a tramitación da subvención e a súa xustificación posterior.

Décimo primeiro. A achega económica da Xunta de Galicia farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.461.1 (CP 2013 00770) na que existe crédito adecuado e suficiente.

Décimo segundo. Con base en todo o anterior, co fin de materializar a colaboración antes descrita e estimando que concorren as circunstancias que así o aconsellan, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza e os concellos de Melide e Palas de Rei acordan subscribir o presente convenio de colaboración segundo as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto.

1. O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e os concellos de Melide e Palas de Rei para o mantemento dunha brigada de emerxencias (protección civil).

O presente convenio baséase no principio xeral de colaboración interadministrativa, para a efectividade da coordinación e eficacia administrativa, que se concreta en:

- Posibilitar a prestación dun servizo público de forma eficaz e eficiente.
 - Garantir o acceso da veciñanza a uns servizos públicos de calidade mediante unha oferta de recursos suficiente e equilibrada
 - Dar resposta ás necesidades de intervención derivadas das situacións de sinistro ou de risco que se produzan como consecuencia das circunstancias específicas destes concellos.
2. A brigada estará composta por 8 membros, cun custo estimado para cinco meses de SESENTA MIL EUROS (60.000,00 €), segundo o orzamento achegado polo Concello de Melide, que se xunta como anexo a este convenio e do cal forma parte.
 3. A brigada de emerxencias (protección civil) desenvolverá os traballos de peón especialista en misións de seguridade cidadá e participación en actuacións de emerxencia de diversa índole (incendios, rescates, accidentes de circulación, incidentes causados por fenómenos meteorolóxicos, eventos multitudinarios) nos termos municipais de Melide e Palas de Rei.

Segunda. Obrigas dos concellos de Melide e Palas de Rei.

Ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento, son obrigas dos concellos de Melide e Palas de Rei:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
2. Destinar os fondos que se perciban ao obxecto concreto para o que se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
3. A xestión da brigada, nos aspectos materiais, técnicos ou de servizo, entre outros, incluída a coordinación, dirección, organización e funcionamento; entre outras:



- a. A selección do persoal adscrito ao grupo.
 - b. Asumir a adscrición orgánica e funcional do persoal deste grupo.
 - c. Coordinar o grupo.
 - d. Aboar mensualmente as nóminas e demais custos derivados da contratación do persoal.
 - e. Tramitación administrativa, instalación, reparación e mantemento de infraestruturas e instalacións do grupo.
4. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, no prazo e na forma establecidos neste convenio e demais normativa de aplicación.
 5. Proceder ao reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos seguintes supostos:
 - a. Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención e para a correcta execución e xustificación do proxecto subvencionado.
 - b. Incumprimento da obriga de xustificar a efectividade dos pagamentos nos termos da cláusula sexta deste convenio.
 - c. Reintegrarse o exceso de financiamento público polo importe pagado que exceda da cantidade resultante de aplicar ao gasto xustificado a porcentaxe de subvención correspondente, nos termos do artigo 21 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - d. Nos suposto de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo do proxecto ou actividade, nos termos do artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - e. Incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - f. Nos demais supostos de aplicación, nomeadamente os establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
 6. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
 7. De ser o caso, seleccionar o persoal adscrito á brigada de conformidade coa normativa de selección do persoal ao servizo das administracións públicas, especialmente a normativa de aplicación no ámbito local ou, en todo caso, baixo os principios de igualdade, mérito e capacidade; serán os concellos contratantes os responsables directos das consecuencias que dos incumprimentos puidesen derivar.
 8. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 9. Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.
 10. A alcaldesa do Concello de Melide é a representante legal da asociación, con poderes suficientes para cumprir todas as obrigas que como entidade beneficiaria lle corresponden á agrupación de



concellos, e que actuará como coordinadora, interlocutora, receptora e xustificadora da axuda.

11. Os concellos de Melide e Palas de Rei asumen o compromiso solidario de execución e de aplicación solidaria da subvención.

Terceira. Obrigas da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

1. A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, cooperará na realización da actuación á que se refire a cláusula primeira deste convenio de colaboración, mediante a achega máxima de TRINTA MIL EUROS (30.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.461.1 (CP 2013 00770) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019. Esta cantidade representa o 50,00% do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio.
2. No caso de que o gasto realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente da totalidade do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe da axuda respecto ao custo total do gasto.

Cuarta. Gastos subvencionables

1. Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivesen incorrido os concellos como consecuencia da realización de actuacións acordas co obxecto do convenio, incluso aqueles que se teñan efectuado con anterioridade á sinatura deste, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.
2. Con carácter xeral, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local, con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado na cláusula quinta.
3. A brigada dependerá xuridicamente dos concellos de Palas de Rei e/ou Melide, que son a entidade contratante, e en ningún caso o seu persoal terá vínculo laboral nin doutro xénero coa Xunta de Galicia.

Quinta. Conta xustificativa

1. Para percibir o importe da subvención e para xustificar a aplicación dos fondos percibidos, o Concello de Melide, como representante da agrupación de concellos, deberá acreditar a execución do proxecto subvencionado mediante a presentación da seguinte documentación:
 - a. Declaración responsable asinada electronicamente pola alcaldesa de Melide en que se faga constar:
 - O conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para as mesmas actuacións solicitadas ao abeiro deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos e o compromiso de comunicar de contado cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.
 - Que o concello non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.

Para os efectos do previsto no artigo 31.7 e concordantes da Lei de subvencións de Galicia, esta declaración será documento suficiente para acreditar que a entidade beneficiaria está ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedora por resolución de procedemento de reintegro.
 - b. Certificación emitida e asinada electronicamente polo secretario ou pola secretaria do concello representante, na cal se faga constar:



- O acordo de aprobación polo órgano competente do concello representante dos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables ao proxecto subvencionado, no cal conste que se cumpriu a finalidade para a cal foi concedida a subvención, que inclúa a relación de gastos con identificación das persoas acreedoras, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga.
- Que, segundo informe da intervención municipal, se tomou razón na contabilidade, en fase de recoñecemento da obriga, dos gastos correspondentes á execución do proxecto subvencionado.
- De ser o caso, que na contratación do persoal integrante da brigada seguíronse os procedementos establecidos na normativa de aplicación ao persoal ao servizo das administracións públicas ou, de ser o caso, con pleno respecto aos principios de igualdade, mérito e capacidade.

Á vista desta documentación, a Dirección Xeral de Administración Local, que será o órgano tramitador desta subvención, expedirá certificación acreditativa do cumprimento polo concello beneficiario, dentro dos prazos establecidos, dos requisitos esixidos neste convenio para proceder ao pagamento da subvención.

2. A Dirección Xeral de Administración Local poderá solicitar calquera outra documentación necesaria para a correcta verificación da subvención.
3. A data límite para a execución das actuacións subvencionadas e para presentar a documentación xustificativa da subvención será o 30 de novembro de 2019.

Sexta. Efectividade dos pagamentos

1. De conformidade co artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades ás entidades locais galegas (DOG núm. 201, do 2 de outubro) e para os efectos do establecido no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considerárase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local.
2. A representación dos concellos beneficiarios está obrigada a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos dos gastos correspondentes á actuación subvencionada, incorporados na relación indicada na cláusula quinta, letra 2.b), no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria do concello representante do aboamento da subvención concedida.

Para o cómputo do prazo dos sesenta días naturais, o concello representante presentará un certificado da intervención municipal en que se faga constar a data de ingreso na conta bancaria do concello do aboamento da subvención.

3. A efectividade dos pagamentos acreditarase mediante a presentación dos seguintes documentos:
 - a) Os gastos de persoal acredítanse mediante a presentación de nóminas, documentos RNT e RLC da Seguridade Social, e copia do documento Modelo 111. *Retencións e ingresos a conta* presentado na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
 - b) Os pagamentos acredítanse mediante a presentación da seguinte documentación:
 - O pagamento de nóminas mediante xustificante da transferencia bancaria á conta do perceptor.
 - O pagamento das cotas da seguridade social, mediante a presentación dos recibos de cargo en conta emitidos pola entidade bancaria a través da cal se realice o pagamento.
 - Documentación xustificativa do ingreso na Axencia Tributaria das retencións e ingresos a conta do IRPF, nos supostos en que este sexa subvencionable, e certificación emitida pola secretaría municipal na que conste que o importe desa



retención vai incluída no/s respectivo/s modelo/s 111 ou 190 presentados como xustificación do gasto.

4. Os xustificantes bancarios estarán debidamente identificados e selados pola entidade bancaria, agás que se trate de documentos obtidos mediante banca electrónica. Neste caso, o os xustificantes bancarios estarán asinados electronicamente pola persoa representante da entidade beneficiaria.

Sétima. Perda do dereito ao cobramento da subvención

1. Producirase a perda do dereito dos concellos de Melide e Palas de Rei ao cobramento total ou parcial da subvención nos supostos de falta de xustificación, xustificación incompleta ou insuficiente, incumprimento das obrigas impostas á entidade local beneficiaria neste convenio ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable.
2. Sen prexuízo de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso un incumprimento das obrigas impostas ás entidades locais beneficiarias neste convenio as seguintes:
 - a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixibles, de conformidade co previsto na cláusula quinta deste convenio.
 - b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención. Sen prexuízo doutros supostos que o impliquen, considéranse incumprimentos das condicións establecidas para a concesión as seguintes:
 - Non executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención, que é o mantemento dunha brigada de emerxencias (protección civil). En todo caso, entenderase que non se executou o proxecto completo cando se xustifiquen partidas, conceptos ou elementos que representen un importe inferior ao 60% sobre o orzamento inicial do proxecto ou unha modificación deste debidamente autorizada polo órgano concedente.
 - De ser o caso, non acreditar na forma establecida na cláusula quinta que na contratación do persoal integrante da brigada se seguiron os procedementos establecidos na normativa de aplicación ao persoal ao servizo das administracións públicas con pleno respecto aos principios de igualdade, mérito e capacidade.
 - O incumprimento da obriga de acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación, nos termos establecidos na cláusula quinta.
3. A perda do dereito será total ou parcial, segundo afecte todas ou algunhas das actuacións que integran o proxecto que fundamenta a resolución de concesión.

Oitava. Reintegros

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos seguintes supostos:

- a) Nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.
- b) No caso de producirse o incumprimento das obrigas do beneficiario da subvención recollidas na cláusula segunda deste convenio ou calquera outra das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, o concello comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de demora que deba aquel, segundo o procedemento establecido no título II do mesmo texto legal.
- c) Procederá o reintegro proporcional se o custo efectivo final do proxecto resulta inferior ao orzado. O eventual exceso de financiamento público calcularase tomando como referencia a



proporción que a achega debe alcanzar respecto do custo total, de conformidade co previsto na cláusula terceira deste convenio.

- d) Incumprimento da obriga de xustificar a efectividade dos pagamentos nos termos establecidos na cláusula sexta constitúe causa de reintegro das cantidades percibidas xunto cos xuros de demora correspondentes.
- e) Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

De resolverse o convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza poderá esixir o reintegro das cantidades achegadas, de ser o caso.

Novena. Compatibilidade con outras subvencións

- 1. A achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.
- 2. Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo do proxecto subvencionado.

Décima. Facultades de inspección

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través dos seus servizos técnicos, resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

Décimo primeira. Seguimento do convenio

- 1. Para facilitar o seguimento, cumprimento e a coordinación do convenio, constituirase unha comisión mixta de seguimento, integrada por dúas persoas representantes da Dirección Xeral de Administración Local e unha persoa representante de cada un dos concellos.
- 2. A comisión rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e estará presidida por quen acorden os membros da comisión por maioría simple e actuará como secretaria/o quen se designe da mesma forma.
- 3. A comisión poderá ditar as súas propias normas de funcionamento, debendo reunirse cando así o solicite algunha das partes. As súas funcións serán:
 - Interpretación do convenio
 - Intervención previa á resolución por incumprimento
 - Proposta, de ser o caso, de addendas
 - Resolver cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes.
 - Calquera outras relacionadas co desenvolvemento deste convenio

Décimo segunda. Causas de resolución

O presente convenio extingúese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.



- b) Polo transcurso do tempo fixado sen que se executen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
- c) Por acordo unánime de todas as partes asinantes.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
- e) Por calquera outra causa prevista nas leis

Décimo terceira. Vixencia do convenio

Sen prexuízo do establecido na cláusula cuarta, o presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estendera a súa vixencia ata o 30 de novembro de 2019.

Décimo cuarta. Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, logo de informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

Décimo quinta. Publicidade do convenio

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Décimo sexta. Normativa aplicable

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas e demais normativa de aplicación.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase polas partes comparecentes, por triplicado exemplar e para un só efecto, non lugar e data que se sinalan no encabezamento.

O vicepresidente e conselleiro de
Presidencia, Administracións Públicas
e Xustiza

O alcalde do Concello de Melide

O alcalde do Concello de Palas
de Rei

Alfonso Rueda Valenzuela

José Manuel Pérez Penas

Pablo José Taboada Camoira



ANEXO ORZAMENTO
BRIGADA DE EMERXENCIAS (PROTECCIÓN CIVIL)

Descrición	Importe
Salario bruto mensual	1.087,00
% cota patronal SS	34,70%
Importe mensual SS	377,19
Total mensual traballador	1.464,19
Número traballadores	8
Total retribucións mensuais	11.713,52
Período de contratación	5
Total retribucións período	58.567,60
Indemnizacións fin de contrato	1.432,40
ORZAMENTO TOTAL	60.000,00

